



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## **DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 1/2019, ORDINARIA, 31 DE XANEIRO DE 2019

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000026

ASUNTO: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 2019/1

CARÁCTER: Ordinaria (xoves 31 de xaneiro de 2019, ás 12:00 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, tendo en conta o acordo plenario do 9 de xullo de 2015, polo que se estableceu a periodicidade das **sesións ordinarias do Pleno, convoco a correspondente ao mes de xaneiro de 2019, para o xoves 31 de xaneiro de 2019, ás 12:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **Parte resolutiva da sesión**

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (8/2018, extraordinaria, do 19 de decembro de 2018)
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2019, previa resolución da reclamación presentada en relación á aprobación inicial do expediente.
3. -Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 1/2019 por importe de 196.319,68 €, logo da fiscalización pola  
Intervención Municipal.

#### **Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

- 4.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 5.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 6.-Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución a todos/as os sres/as. concelleiros/as da Corporación (tendo en conta a designación polos distintos grupos políticos municipais dos membros titulares e suplentes do órgano convocado), advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

Visto o decreto,

O SECRETARIO

Diego García Doval